



NEUROPSICOLOGÍA



CAPACIDADE MÁXIMA
CONCORRENCIA
COVID-19
03 PERSOAS

(NON voorespasar a capacidade do recinto!)
(Do. máis persoas)

SATISFACCIÓN
NAS PERSOAS
QUE XA PASARON
POLO PROXECTO
INNOVADOR

Máis de 200 persoas traballadoras participaron nos cursos de formación continua de COGAMI



Un dos cursos impartido en Santiago sobre Atención centrada na persoa

Co fin de aumentar as habilidades, competencias e coñecementos do persoal laboral, durante 2020 COGAMI desenvolveu un total de 19 cursos de formación interna que, se ben nun principio fan desenvolverse en formato presencial, coa pandemia houbo que reorganizalos, de maneira que 2 se impartiron a través dunha aula virtual, 11 en modalidade presencial e 6 por teleformación.

Nesta posta ao día coas novidades que acontecen nos diferentes sectores e servizos, formáronse un total de 214 profesionais de COGAMI Social, COGAMI Empresarial e COGAMI Xenera, os tres eixos dos que se compón a Organización.

A temática dos cursos foi moi variada e estivo marcada polas necesidades das propias áreas ou departamentos de traballo. Impartíronse formacións de atención centrada na persoa, terapia en neuroloxía, comunicación de voceiros, atención individual, lingua de signos, manipulación de alimentos, impresión e deseño en 3D, promoción da autonomía persoal e terapia acuática, entre outros.

Unha exposición virtual recolle as impresións das persoas usuarias de Fingoi durante esta pandemia



Participantes do proxecto Artability+ contactan a través dunha videoconferencia

O COVID cambioulle os plans ao grupo de catorce persoas usuarias do centro de recursos que COGAMI ten en Fingoi, Lugo, participantes no proxecto europeo Artability+, a través do que se crean obradoiros artísticos.

Nesta ocasión, tanto o formato como o contido sentíronse alterados por mor do COVID-19. A temática pensada inicialmente cambiouse por outra relacionada coa pandemia e efectos causados nas persoas usuarias do centro. Outra modificación alterou a exposición das obras, tendo que ser finalmente virtual.

Este proxecto artístico, financiado por Erasmus+, pretende dotar de ferramentas ás persoas con discapacidade para que sexan elas as que leven a iniciativa do propio proxecto no que ademais de COGAMI, participan, entidades de Grecia, Rumanía e Lituania.

Artability+ pretende empoderar ás persoas con discapacidade a través da arte. Pódese seguir este proxecto no Facebook: <https://www.facebook.com/Artability>

Exención de copago farmacéutico para case oito mil menores con discapacidade de Galicia



O 1 de xaneiro entrou en vigor a exención de copago das menciñas en menores

Segundo establece a Lei de Presupostos Xerais do Estado para 2021, quedan exentas de calquera aportación na prestación farmacéutica as persoas menores de 18 anos cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33%. Con esta medida aprobada, beneficiaranse un total de 7.816 menores con discapacidade recoñecidas oficialmente en Galicia.

“Estamos moi contentos con medidas como esta porque permiten que a enfermidade e a discapacidade non supoñan un custo extra para as familias, por exemplo”, indica Laura Quintas, coordinadora da Comisión Sociosanitaria de COGAMI.

Dende o Comité de Representantes de Persoas con Discapacidade (CERMI Galicia) salientan que as familias con menores con discapacidade enfróntanse a un sobrecusto en gastos dun 40% con respecto a outras familias. En palabras de Laura Quintas “sería interesante que as persoas polimedicadas, cun alto gasto farmacéutico, puideran beneficiarse tamén de medidas como esta”.

Máis de 1.400 alumnas e alumnos participaron nos obradoiros de educación inclusiva de COGAMI



Obradoiro de sensibilización nun centro escolar do Concello de Cambre

COGAMI participa nun programa de educación inclusiva e soporte á atención de alumnado con necesidades educativas pola súa discapacidade.

Promovido por COCEMFE (Confederación Española de Personas con Discapacidad Física y Orgánica) e financiado polo Ministerio de Derechos Sociales y Agenda 2030, o programa promove a escola inclusiva e a igualdade de oportunidades, logrando sensibilizar no último ano a 1.420 alumnas e alumnos de 70 centros educativos de A Coruña, Lugo e Vigo.

Outras actividades que contempla son os 28 cursos dirixidos a docentes nos que participaron 327 e as 11 familias asesoradas, ademais de contactar coas Universidades de A Coruña e Vigo.

Dende que iniciou en 2016, o proxecto de educación inclusiva realizou 300 obradoiros de sensibilización nos que participaron 6.655 alumnas e alumnos e 880 docentes foron formados nos 75 cursos impartidos.

COGAMI amplía persoal laboral a través dos contratos `Cooperas`



Paula Portela e Adriana Pérez son coidadoras no centro de Monteporreiro

Son un total de nove as persoas que entraron a traballar en COGAMI tras seren contratadas a través do programa de Cooperación que anualmente convoca a Consellería de Emprego e Igualdade. Coñecidas como `Cooperas`, todas cumprían estes requisitos: estar apuntadas no no Servizo Público de Emprego como demandantes de emprego, estar formadas para o posto que demandan pero sen experiencia laboral previa.

Os postos concedidos son necesarios para prestar servizos de atención directa a persoas usuarias de COGAMI e familias, sendo estes servizos de psicoloxía, terapia ocupacional, educación especial, traballo social e tamén para desenvolver o servizo de limpeza e de coidado de persoas nos centros de recursos.

As nove persoas que entraron, e que estarán durante todo este ano contratadas, están desenvolvendo o seu traballo nos centros de recursos de Mos, Monteporreiro, Fingoi e Medelo, e na oficina que COGAMI ten en Ourense.

O portal web de COGAMI mellora a accesibilidade ao adaptar todos os contidos



Unha pestana permite escoller o comando adaptado á necesidade da persoa

A páxina web de COGAMI está totalmente adaptada a todas as persoas que entran no portal www.cogami.gal co fin de buscar algún contido ou servizo que ofrece a Organización.

Isto foi posible trala instalación dunha plataforma InSuit que engade á páxina web unha capa de información especializada en accesibilidade e usabilidade, que se completa cunha serie de ferramentas para a navegación que se adaptan ás necesidades da persoa.

Cun manexo sinxelo e intuitivo, esta plataforma permite que a persoa usuaria poida acceder a calquera contido tras elixir a axuda técnica apropiada á súa necesidade, e que atopará nunha ventá desplegable.

Navegación con teclado, comandos de voz, navegación con sons, con botóns, con pulsador, navegación para visión reducida, con texto grande e con teclado son algúns dos apoios técnicos que ofrece a ferramenta InSuit de accesibilidade.

Semella que foi onte, pero xa vai para dous anos dende aquela primeira difusión nas redes sociais de COGAMI que anunciaba a apertura dun proceso de selección para formar parte do **Proxecto Innovador para a Promoción de Autonomía Persoal** que botaba a andar nas instalacións do CEGADI. Así iniciaba este novo e agardado proxecto: con ilusión, expectativas e como unha necesidade máis por traballar a autonomía das persoas.

Nestes case dous anos, remitíronse á conta de correo cegadi@cogami.gal un total de 85 solicitudes de persoas que querían formar parte deste proxecto Innovador. De todas elas, foron seleccionadas 48 persoas con discapacidade. Con todas e cada unha das integrantes, deseñouse un plan de apoio personalizado, coordinando o traballo con entidades dos ámbitos sanitario e social da súa contorna, asesorándoas tamén en accesibilidade e en inclusión escolar, no caso de menores.

A data de hoxe, son 28 persoas as que participan no proxecto Innovador para a Promoción de Autonomía Persoal. As outras 20 xa remataron, despois de superar o período máximo de permanencia de un ano dentro do programa e, tras acadar tamén, os obxectivos estipulados no seu inicio.

As persoas que xa formaron parte do proxecto Innovador descríbeno como unha experiencia `moi positiva`

Formar parte deste proxecto resulta gratuito. O único custo que ten é o de manter o compromiso de participación activa nas actividades. Unha vez adquirido este compromiso, cada unha das persoas seleccionadas formará parte dun estudo de investigación sobre novas metodoloxías, técnicas e intervencións para conseguir potencial físico, psicolóxico, persoal e social, e obter capacidades para dispor dunha vida autónoma, atendendo á súa situación particular e na súa contorna.

Perfil da persoa usuaria

Para formar parte do proxecto Innovador é necesario cumprir cuns requisitos como: non superar os 60 anos de idade, ter discapacidade física, orgánica, dependencia ou enfermidade dexenerativa, ou precisar de apoios para unha recuperación funcional.

O perfil actual predominante da persoa que participa sería o de home, en idade adulta e procedente de Santiago de Compostela. Esta definición está extraída de datos como que o 58% das persoas participantes son homes e o 42% mulleres; das 48 persoas seleccionadas, 12 comprenden idades de 4 a 11 anos, 10 son adolescentes de 12 a 18 anos e 26 son persoas adultas de 19 a 60 anos; e, segundo o seu lugar de procedencia, ademais de Santiago de Compostela, proceden dos concellos de Ames, Teo, Brión, A Estrada, Ordes, O Pino, Trazo, Vedra, Arzúa, Valga, Lousame, Porto do Son, Noia, Rianxo e Boiro.

Equipo de profesionais

O equipo de 11 profesionais especializado en fisioterapia, terapia ocupacional, logopedia, neuropsicoloxía, psicoloxía, traballo social, persoal coidador, accesibilidade, formación e intermediación laboral realizou máis de 6.000 intervencións coas persoas usuarias, consistindo estas en entrevistas persoais e a familiares, visitas a domicilios ou centros educativos, realización de sesións de terapias individuais e grupais, así como valoracións profesionais.



Equipo de profesionais do proxecto Innovador



Terapia acuática

A finais de 2020, o proxecto Innovador inicia unha nova terapia que leva a cabo na piscina situada dentro das instalacións do CEGADI. A través da terapia acuática, na que están a participar 20 persoas, é posible traballar dentro da auga fisioterapia, terapia ocupacional, logopedia e neuropsicoloxía, proporcionándolle á persoa unha contorna máis agradable e motivadora.

Ao mesmo tempo, a ingravidez do medio produce que resulte máis doado traballar aspectos posturais, funcións corporais e tamén persoais, como a autoestima ou as motivacións.

Todas as persoas participantes na terapia acuática, con idades comprendidas entre os 5 e os 59 anos, teñen algunha patoloxía neurolóxica.



María José Pose

Chega a formar parte do proxecto Innovador en xaneiro de 2021, despois de superar a rehabilitación hospitalaria por unha lesión medular que lle ocasionou un accidente de tráfico.

"A través dunha amiga entereime da existencia de COGAMI e do proxecto Innovador", di M^a José. Tras contactar e superar o proceso de valoración, iniciou coas intervencións nas diferentes áreas de terapia ocupacional, fisioterapia e logopedia "para levar a miña independencia ao nivel máis alto, gañando forza e

habilidades e destrezas para un total desenvolvemento", explica. Tamén asiste a terapia coa psicóloga, como ela mesma argumenta, "axúdame a afrontar calquera nova circunstancia que se presente, así como superar o pasado".

Pese a levar menos de tres meses, M^a José xa está vendo resultados positivos no seu paso polo proxecto Innovador. "Vou adquirindo autonomía para a realización das actividades cotiás. Estou co mellor equipo!", sinala.



Emilio Ruzo

No mes de febreiro rematou a experiencia de Emilio no proxecto Innovador, como se fora `dado de alta`.

O seu paso, segundo explica, "non só puiden observar unha sensible melloría no manexo das limitacións que debo afrontar, tamén acadei mellora na comprensión e na aceptación da miña realidade". Como coinciden outras das persoas que forman parte deste proxecto, para Emilio "é algo necesario, xa que permite atopar xeitos de manexar as necesidades especiais a afrontar no

día a día".

Emilio traslada tamén o seu agradecemento ao equipo que se encarga de realizar as diferentes terapias porque, segundo di, "non só pola súa profesionalidade, tamén pola enorme calidade humana no trato diario que fai que calquera atranco sexa máis fácil de superar". Para describir como foi o seu paso por esta experiencia, Emilio finaliza dicindo "gustaríame rematar con esta frase que lin fai un tempo: non deixes que o que non podes facer interfira co que si podes facer".

A implantación dun sistema de dixitalización facilita a tramitación de documentos nas empresas



O novo sistema permite tramitar documentos en calquera lugar

COGAMI Social, Empresarial e Xenera apostan pola redución e aforro do uso do papel na tramitación de documentación. Proba disto é a implantación na área de Recursos Humanos dun aplicativo que permite a sinatura dixital de documentación a través dun Smartphone ou tablet, evitando desprazamentos.

A dispersión xeográfica foi a decisión que levou á Organización a implantar este sistema hai un ano. Os desprazamentos para a entrega de documentación implicaban ralentización no proceso e tamén posible risco de perda de documentos. Coa implantación desta aplicación dixital, denominada Docuten, é posible, por exemplo, enviar un contrato por correo electrónico, descargalo, lelo, asínaloo dende o propio teléfono e remitilo.

“Nunha primeira demostración, vimos que era un sistema moi fiable e que respondía ás nosas necesidades”, explica a directora de Recursos Humanos, Ana Álvarez.

O maior uso que se lle dá a esta nova plataforma implantada é para a tramitación de contratos laborais, para documentación oficial de prevención de riscos laborais e para o código de conduta implantado na Organización.

Dixardín estende a cor verde á súa nova páxina web



Portada da nova páxina web de Dixardín

Nada mellor que un escaparate sen límites no espazo, tempo e presenza, para amosar o traballo que cada día realizan en Dixardín as corenta e sete persoas que traballan neste centro especial de emprego.

Dixardín vén de estrear a súa nova páxina web, www.dixardin.gal, un espazo aberto que presenta traballos de deseño e paisaxismo, construción e conservación de parques e espazos verdes, de acondicionamentos de regos, iluminacións e montaxes de xardíns, ademais de plantacións de hortas ecolóxicas.

Co deseño deste novo portal, en Dixardín pretenden darse a coñecer a máis persoas para tinguirlles de verde os exteriores das súas propiedades, creando espazos naturais, relaxantes e cálidos.

Os máis de vinte anos de traxectoria desta empresa de xardinería significan a firme confianza depositada pola súa clientela, sendo tanto particulares como a propia administración pública, nos traballos que cada día realiza o seu equipo de profesionais na xardinería.

Activa Social ETT conecta talento e empresas socialmente responsables



A xerente de Activa Social ETT, María López, nunha xuntanza

Co fin de que as empresas que buscan cubrir postos de traballo o fagan contratando a persoas con discapacidade, dende Activa Social ETT lanzan a campaña ‘Hai mil razóns para contratar o mellor talento’, unha oportunidade para enriquecer os seus cadros de persoal.

Dende Activa Social ETT encárganse de seleccionar os mellores talentos para as empresas, aqueles perfís máis adecuados para cubrir postos vacantes. Conta cun equipo que se encarga de analizar, avaliar, entrevistar e informar sobre as persoas que poden aspirar a ese posto vacante, ofrecendo asesoramento durante a selección.

Baixo a etiqueta para as redes sociais #HaiMilRazóns, esta campaña pretende que Activa Social ETT se converta nunha plataforma especializada en crear nexos de conexión entre empresas socialmente responsables e o mellor talento do noso país, tendo sempre como obxectivo principal a xeración de oportunidades laborais entre o grupo social de persoas con discapacidade.

Cualicar ofrece incentivos a todo o persoal da Organización COGAMI na compra dun vehículo seminovo



Vehículo que Cualicar expón á venda nas instalacións que ten en Santiago

Cualicar lanza, ata o 31 de marzo, unha campaña, dirixida tanto ás persoas usuarias e traballadoras de COGAMI, como a entidades membro e centros especiais de emprego que teñan intención de comprar un vehículo.

Cara a elas, Cualicar ofrece incentivos especiais, como un financiamento feito á medida, con cotas mensuais accesibles á persoa, ademais dunha garantía ampliada a 2 anos en calquera dos automóviles expostos á venda.

Outras das vantaxes é que, no caso de que a/o cliente teña discapacidade e mobilidade reducida recoñecida, encargarse de axudarlle en todo o proceso de tramitación da documentación que hai que presentar para beneficiarse das prestacións que ofrece a Administración, como o IVE súper reducido do 4% no caso de que a persoa teña mobilidade reducida.

Na páxina web www.cualicar.es é posible atopar o vehículo que se busca e, no caso de que non estea ese modelo específico, pódese contactar por correo electrónico seminuevos@cualicar.gal ou nos teléfonos 661 498 325 e 673 058 147, onde se ofrecerá información directa e personalizada.

A nova páxina web de Hornos de Lamastelle presenta toda a gama de produtos



Presentación do novo escaparate web de Hornos de Lamastelle

A finais deste mes de marzo, con só facer clic co dedo, será posible acceder a toda a gama de produtos alimentarios que ofrece Hornos de Lamastelle: empanadas de difentes sabores e formatos, Tarta de Santiago e biscoitos variados.

Cun deseño renovado, adaptado ás tendencias actuais e baseado nunha imaxe dinámica e moderna, Hornos de Lamastelle expón neste escaparate virtual o traballo final que con mimo realizan cada día as 94 persoas que traballan neste centro especial de emprego de economía social, tendo discapacidade recoñecida o 94% delas.

A nova páxina web, que aposta por fondos brancos, permite ver con claridade a ampla gama de produtos que son presentados nunha paleta de tons brillantes e intensos que reforzan de forma visual esa mensaxe de confianza e calidade.

O sitio web www.lamastelle.com renóvase facendo fincapé nunha estrutura de navegación sinxela, intuitiva, con fácil acceso ao contido, porque, ao igual que ocorre co produto que elabora nos seus obradoiros, esta nova páxina web presenta un formato familiar e próximo á súa clientela.

O servizo de atención temperá no Baixo Miño recibiu 77 solicitudes de familias



Unha das aulas do servizo caracterizada con decoración infantil

O servizo de atención temperá que xestiona COGAMI Xenera dende o mes de setembro na Mancomunidade do Baixo Miño, recibiu un total de 77 solicitudes de familias con menores de 0 a 6 anos con trastornos do desenvolvemento ou en risco de padecelos.

Esta grande demanda do servizo sorprende ao equipo de tres profesionais especialistas en fisioterapia, psicoloxía e logopedia, que xa leva atendidas neste período de tempo a 25 menores.

O servizo inclúe actividades de atención directa, sendo estas a realización dunha valoración, diagnose, atención terapéutica, entrevistas a familiares, avaliación continua, altas e seguimento dos casos.

As familias, procedentes dos concellos de Tomiño, Tui, A Guarda e O Rosal, acoden a este servizo derivados polos servizos sanitarios de pediatría e detectados por profesionais de centros educativos, escolas infantís e servizos sociais destes concellos, ademais do servizo de atención temperá do hospital vigués Álvaro Cunqueiro.

Co fin de reparar danos económicos e sociais causados polo COVID-19, a Unión Europea aprobou en decembro o denominado `Next Generation EU (NGEU)`, un instrumento que ten por finalidade construír unha Europa máis ecolóxica, máis dixital, máis resiliente e mellor adaptada aos retos actuais e futuros.

Para levar a cabo esta nova Europa, o instrumento estará dotado de 750.000 millóns de euros a investir ata o ano 2026.

A España virán destinados 140.000 millóns de euros e, polo de agora, descoñécese a partida económica que virá a Galicia. O que si se pode adiantar é que suporá unha inxección importante de fondos ao orzamento galego.

Estes orzamentos deberán destinarse a proxectos que nos permitan, ademais de recuperarnos da crise xerada polo COVID-19, transformar o modelo social e económico actual.

Charo Lema, coordinadora de Áreas de COGAMI. Que agardamos dende COGAMI con respecto aos orzamentos que poidan chegar a Galicia?

Pois que estes fondos sirvan para mellorar o acceso ao mercado do traballo das persoas con discapacidade, aos sistemas sociais e para implementar medidas de inclusión social, ademais de incidir na formación e desenvolvemento de capacidades, sobre todo, das novas tecnoloxías.

As persoas en situación de discriminación social viron agravada a súa situación económica e social na pandemia. A fenda dixital impídelles o acceso a servizos básicos en igualdade de condicións que ao resto da cidadanía. Polo tanto, estes fondos supoñen para nós a oportunidade para seguir avanzando.

Por outra banda, agardamos que sexan empregados en proxectos que permitan o cambio de modelo social, sobre todo, no referente á prestación de servizos para persoas con discapacidade con máis necesidades de apoio. O modelo deberá estar máis orientado a que a persoa poida desenvolver a súa vida na súa contorna social e afectiva, e non tanto na institucionalización e desvinculación da contorna.

A Xunta anunciou que presentou trinta proxectos para financiar a través destes fondos. Algún deles vinculado aos servizos que presta COGAMI?

Aínda que a opacidade está sendo o predominante á hora de saber como se van

a implementar estes fondos, estamos en continuo contacto coa Xunta para que se teñan en conta iniciativas de vital importancia para mellorar a situación das persoas con discapacidade. Presentamos na Consellería de Política Social un proxecto en colaboración con ATAM que busca un novo modelo de apoios á autonomía persoal e ao coidado da saúde de persoas maiores e persoas con discapacidade en contornas rurais a través da combinación de servizos dixitais en remoto e recursos profesionais de proximidade, para evitar a institucionalización e manter ás persoas na súa contorna en condicións de seguridade e benestar.

Outra idea de proxecto sería crear unha rede de recursos habitacionais, aloxamentos adaptables ás características das persoas ás que vai dirixido: mini apartamentos, cun ou dous cuartos individuais con baño... e cunha zona de espazos comúns que garantan os servizos complementarios necesarios segundo as características das persoas. Estarían ligados aos servizos de atención diúrna do movemento asociativo COGAMI e como máximo albergarían 25 persoas. Tamén, a través da Consellería de Emprego, estamos facendo incidencia para que unha parte dos fondos se poidan destinar á realización de cursos de formación a medida, segundo a demanda do sector empresarial con obxecto de mellorar a taxa de inserción laboral das persoas con discapacidade.

Unha realidade da nosa Organización é o financiamento público que recibe. Existe



Á esquerda, Charo Lema, coordinadora de Áreas de COGAMI e á dereita, Rosa Gutiérrez, directora xeral de GES

preocupación para que sigan en activo todos os servizos que prestamos?

Esta pandemia deixou evidenciada a necesidade de reforzar os servizos sociais e sanitarios, sectores onde o beneficio económico ten que ser algo secundario. Neste aspecto quedamos en moi bo lugar as entidades do terceiro sector que prestamos servizos, probablemente, porque o beneficio social está por riba do económico, implementado ao máximo as medidas de prevención para minimizar riscos de contaxio, con independencia do custo económico que, por outro lado, foi considerable.

A preocupación que temos agora son os programas financiados polo 0,7% do IRPF. O recadado pola declaración da renda que se faga este ano (dos ingresos do ano 2020), será executado no ano 2022 e, por razóns evidentes, a recadación vai baixar de forma considerable. Espero que os gobernos central e autonómico teñan en conta esta situación e a poidan corrixir con outros fondos para garantir o financiamento que viñamos tendo nos últimos anos.

Ademais de COGAMI Social, COGAMI Empresarial podería resultar beneficiaria destes fondos. Rosa Gutiérrez, directora de Negocio de Galega de Economía Social, en que proxectos se está traballando dende os centros especiais de emprego de COGAMI?

Neste momento traballamos en proxectos que permitan o crecemento das nosas empresas e o mantemento do emprego nos distintos

sectores nos que estamos presentes, especialmente nos eidos alimentario e da economía circular. Tamén estamos en contacto con distintos colaboradores para artellar proxectos conxuntos que permitan poñer en valor o coñecemento das partes para desenvolver novas liñas de negocio. Iremos facer un importante esforzo en programas de formación e obradoiros en transformación dixital e metodoloxías de innovación que nos axuden a mellorar os proxectos en curso, identificar outros novos e promover a adaptación continua aos cambios da nosa contorna. O obxectivo é seguir sendo referentes na xeración de emprego para persoas con discapacidade desenvolvendo actividades de valor engadido aliñadas coa axenda 2030.

Cun tecido empresarial resentido pola crise sanitaria, fanse necesarias este tipo de axudas para poder seguir en activo?

A crise fai que os cambios que as empresas tiñamos que abordar sexan aínda moito máis urxentes. Seguramente, poderán sobrevivir ao presente só as empresas con capacidades dixitais e ferramentas tecnolóxicas, con capacidade de xestión en tempos de incerteza, flexibles e adaptables aos cambios. As axudas no noso caso son imprescindibles, unha oportunidade para abordar todos os desafíos que temos por diante con éxito e nun prazo moi relativamente curto.

NOVAS ENTIDADES MEMBRO

ASDIFICA demanda instalacións para atender ás persoas usuarias de O Carballiño



Membros da xunta directiva da asociación ASDIFICA

A directiva da Asociación de Persoas con Discapacidade Física e Orgánica do Carballiño e Comarca (ASDIFICA) vén de solicitarlle ao Concello de O Carballiño a cesión dun local para poder mellorar a atención das máis de cen persoas usuarias que atende a entidade.

Dende ASDIFICA afirman que o local no que están actualmente, situado no segundo andar da Casa Consistorial, debe ser substituído por outro "máis amplo e accesible" para poder prestar en boas condicións os servizos que ofrecen de fisioterapia e rehabilitación, psicoloxía, educación social, traballo social, orientación laboral, organización de cursos de habilidades sociais, estimulación cognitiva e atención individualizada, sobre todo en momentos actuais como os que se viven coa pandemia, para comprobar a situación na que se atopan as persoas usuarias.

ASDIFICA aclara que "levamos xa moito tempo en tratos co Concello para a cesión dun local no que poder asentar as nosas actividades de xeito estable", argumentando que foron ofrecidos varios espazos municipais "pero, a día de hoxe, non se concretou ningunha das opcións".

A diversidade do Camiño recollida nunha obra conxunta de centros de recursos de COGAMI



Persoas usuarias do centro de Medelo participan no programa cultural

Persoas usuarias dos centros de recursos que COGAMI ten en Silleda, Pontevedra, Mos e Lugo participan nun proxecto no que traballan diferentes disciplinas artísticas para achegar a arte á diversidade do Camiño de Santiago. Baixo o nome 'Tres ao cubo=4. Caminarte', este proxecto pretende achegar a arte ás persoas con discapacidade e tamén, achegar a discapacidade ás persoas do mundo da arte.

Financiado a través do programa O Teu Xacobeo da Xunta de Galicia, e coordinado pola Federación COGAMI Coruña, estase poñendo en valor o traballo en equipo, a convivencia e o contacto con elementos naturais, como así ocorre nas rutas xacobeas que transcorren preto dos centros: o Camiño Francés, o Sanabrés e o Portugués.

Na procura dunha aprendizaxe activa e participativa, nos catro centros realizan obras que se entrelazan entre si, para pasar do individual, onde cada unha das persoas decidirá que facer e como realizalo, ata o traballo final conxunto. Para levalo a cabo, contan con artistas plásticos recoñecidos como Misha Bies Golas, Carlos Maciá, Irene Grau e a educadora, Alba Cacheda.

Novo vehículo adaptado en ADISBISMUR para cubrir a ruta de Mazaricos ata o centro Valadares



Vehículo recentemente adquirido por ADISBISMUR

A Asociación de Persoas con Discapacidade da Bisbarra de Muros (ADISBISMUR) dispón dun novo vehículo adaptado para o transporte das persoas usuarias do seu centro de recursos de Valadares que se desprazan dende o Concello de Mazaricos.

Co fin de mellorar a mobilidade e a calidade de vida das persoas do centro, a Fundación ONCE, a través do Plan de Prioridades, colaborou cunha subvención de 13.000 euros na adquisición deste novo vehículo, un modelo Ford Transit con capacidade para 9 prazas e con rampla de acceso adaptada.

Este vehículo vén a completar a flota que ten a entidade, un total de sete furgonetas adaptadas, que transportan ás 48 persoas usuarias que, de luns a venres, acoden ata o centro de Valadares dende os concellos de Noia, Muros, Outes, Mazaricos, O Pindo, Carnota, e Negreira, comprendendo unhas rutas con traxectos que superan os 100 quilómetros diarios.

Amarai pon en marcha obradoiros de prevención do bullying en centros escolares



Un dos obradoiros de sensibilización contra o acoso escolar

A Asociación de Persoas con Discapacidade e Apoio á Integración das Comarcas de Arzúa e Terra de Melide (Amarai) vén de iniciar actividades para apoiar a escolares con discapacidade dentro das aulas. Segundo a entidade, nos últimos anos incrementou o acoso escolar contra nenas e nenos con discapacidade, polo que Amarai decide crear un servizo sobre a prevención do bullying nos centros educativos das comarcas de Arzúa e Terras de Melide, e que financia Fundación "la Caixa" e Caixabank.

A psicopedagoga da entidade, María Rial, xa tomou contacto con todos os colexios da zona de ámbito de actuación de Amarai para recompilar datos como as idades, sexo e ocasións nas que se produciu o acoso nos centros escolares, co fin de crear obradoiros adaptados dende educación infantil ata os últimos cursos da ESO.

Durante este ano está previsto iniciar estas charlas de sensibilización a preto de 150 alumnas e alumnos dos centros escolares dos concellos de Melide, Sobrado dos Monxes e Mesía. En anos anteriores xa participaron destes obradoiros preto de 250 escolares.

O programa de atención temperá de Misela beneficia a 61 menores da comarca de Noia e Muros



Unha das nenas usuarias do programa de Atención temperá que ofrece Misela

Un total de 61 nenas e nenos da comarca de Noia e Muros acudiron durante o pasado ano ata as instalacións da asociación Misela para asistir ás terapias do programa de Atención Temperá que desenvolve a entidade.

A través deste programa, Misela ofrece atención global e especializada tanto ás nenas e nenos con discapacidade, ou en risco de desenvolvela, como ás súas familias, potenciando o seu desenvolvemento e favorecendo a súa funcionalidade, sen separalos do seu medio familiar e social.

Este servizo resulta fundamental para dar cobertura de tratamento especializado ás nenas e nenos na súa contorna próxima, xa que contan con atención individualizada de fisioterapia, terapia ocupacional e psicoloxía, así como atención ás familias, seguimento e coordinación coa contorna na que se desenvolven.

Este programa é financiado pola Xunta de Galicia a través dos fondos do 0,7% do IRPF da declaración da renda.

ACADAR promoveu o emprego de 57 mulleres con discapacidade en 2020



Unha das técnicas do programa realiza unha atención individual a unha usuaria

Co obxectivo de contribuír ao empoderamento das mulleres con discapacidade e fomentar a súa autonomía social e económica, a Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia (ACADAR) desenvolveu durante 2020 o programa 'Empoderamento e Activación para o Emprego', no que participaron un total de 57 mulleres.

Promovido pola Confederación Española de Personas con Discapacidad Física y Orgánica (COCEMFE) en colaboración co programa Incorpora de Fundación "la Caixa", o programa tivo que ser adaptado á situación da pandemia, con atención telemática e presencial.

Constou de 225 horas dedicadas á atención individual. Das mulleres participantes no programa, nove lograron a inclusión laboral e impartíronse 74 horas de sesións grupais en empoderamento, habilidades prelaborais e alfabetización tecnolóxica.

Durante 2021, o programa continúa en Vigo, coa previsión de poder atender 85 mulleres con discapacidade.

Prioridade na vacinación

Ante a estratexia de vacinación fronte ao COVID-19, COGAMI únese á campaña lanzada pola Confederación Española de Personas con Discapacidade Física y Orgánica (COCEMFE) na que reclaman prioridade para todas as persoas con patoloxías que lles afectan ao sistema inmune, nas persoas con maior grao de dependencia recoñecida e nas persoas coidadoras que as atenden.

“É urxente protexer tanto ás persoas con discapacidade física e orgánica como a súa contorna familiar, asistencial e sociosanitaria fronte aos efectos perigosos que supón infectarse por SARS-CoV-2”, explica o presidente de COGAMI, Anxo Queiruga, quen engade que “existe unha alta vulnerabilidade nas persoas con discapacidade por diferentes circunstancias de risco que fan necesarias que sexan o seguinte grupo a inmunizar na estratexia de vacinación do Ministerio de Sanidade e da Comunidade Autónoma.”

Dende COGAMI considérase que se debe incluír no grupo prioritario de vacinación ás persoas con discapacidade física e orgánica de especial risco, con patoloxías ou condicións que lles afectan ao sistema inmune e presentan risco de enfermidade grave. Neste grupo estarían as persoas transplantadas, con inmunosupresión, enfermidades neurolóxicas, ELA, enfermidades renais, metabólicas, respiratorias, fibrose quística, con cardiopatías,

con esclerose múltiple, enfermidades reumatolóxicas, Crohn, colite ulcerosa e coagulopatías, entre outras. Todos estes perfís presentarían un maior risco de contaxio e de desenvolvemento dun COVID-19 grave, e cun risco alto de mortalidade.

Para COGAMI, tamén deben de ser consideradas prioritarias na campaña de vacinación aquelas persoas que presentan maior grao de dependencia, as profesionais que as atenden e as persoas con gran dependencia ou con incapacidade absoluta que precisen axuda dunha terceira persoa e non teñen valorado ou recoñecido o grao de dependencia III. Sería fundamental unha vacinación conxunta de persoas usuarias, coidadoras e profesionais do servizo de asistencia persoal, porque, segundo explica Anxo Queiruga “tanto no caso de que se contaxien como se teñen que adoptar medidas preventivas de illamento, impactan directamente no coidado das persoas que requiren do servizo, habendo dificultade para cubrir estas baixas”.

Outro grupo de persoas que deberían de vacinarse ao mesmo tempo son as que proporcionan coidados non profesionais a persoas con discapacidade, sendo estas as responsables coidadoras e coidadores ou conviventes de nenas e nenos, ou tamén persoas adultas, que dependen do seu coidado e benestar. A vacinación conxunta de persoas con discapacidade e das que as atenden evitaría un contaxio e, por conseguinte, un risco para as persoas



Anxo Queiruga. Presidente de COGAMI

“Fronte aos efectos do COVID-19, é urxente protexer ás persoas con discapacidade física e orgánica e a súa contorna familiar, asistencial e sociosanitaria”

que requiren do seu apoio.

Finalmente, para evitar infeccións cruzadas no caso de enfermidades crónicas graves, COGAMI considera a vacinación nas unidades de referencia da patoloxía ou en hospitais de día para as persoas que reciben tratamentos nos hospitais sería a mellor opción.



Visite nuestras oficinas en:

A Coruña

Rey Abdullah nº 9
Tel.: 981 140 250
E-mail: eop.galicia@eoprim.es

Santiago de Compostela

Fernando III El Santo 31-33
Tel.: 981 591 192
E-mail: eop.santiago@eoprim.es

Ourense

Cruceiro Quebrado 10
Tel.: 988 391 285
E-mail: eop.ourense@eoprim.es

Vigo

Zamora 94
Tel.: 986 413 333
E-mail: eop.vigo@eoprim.es

desde 1870...

...al Servicio de la Salud



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL